

ESTATUTOS ASOCIACION LENDA DE SAÚDE MENTAL

CAPITULO I DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO

Artigo 1. Denominación.

A Asociación de Familiares e Enfermos/as Mentais Lenda, rexistrada co nº 1995-003573-1 (PO) no Rexistro Provincial de Asociacións e co CIF G 36248011, constituída ó abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo e normas complementarias, procede a modificación dos seus estatutos para pasar a denominarse Asociación Lenda de Saúde Mental, en adiante “Lenda”, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, sen ánimo de lucro, aconfesional e apartidista.

Artigo 2. Fins.

Lenda ten como fins:

- A mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias, promovendo e garantindo unha axeitada calidade asistencial, integración social e laboral e a desaparición de estigma.
- A defensa dos devanditos dereitos, tendo como principio que a normalización da enfermidade pasa pola equiparación social en todos os ámbitos, comprometéndose a súa representación no movemento asociativo coas reivindicacións dos mesmos nos diferentes foros e entidades ós que se teña acceso.

Na actualidade, e para un mellor cumprimento destes fins, Lenda pertence á Federación Galega FEFES Galicia Saúde Mental.

Artigo 3. Actividades.

Para o cumprimento destes fins levaranse a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Promover aquelas intervencións na área da Saúde Mental non cubertas axeitadamente, buscando unha mellor relación entre as persoas con enfermidade mental e o medio familiar, social e laboral.
- Desenvolver actividades de información, formación e concienciación ó respecto das persoas con enfermidade mental.
- Potenciar encontros e apoio solidario entre as persoas con enfermidade mental, as súas familias e a comunidade.
- Impulsar aquelas iniciativas, propias e alleas, dirixidas a favorecer a reinserción psicosocial e laboral das persoas con enfermidade mental -entendida como o conxunto de trastornos así definidos na Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE) da Organización Mundial da Saúde-, prestándose especial atención a aqueles colectivos máis vulnerables e/ou en risco de exclusión social.

Os órganos de goberno e representación procurarán que as actividades de Lenda non estean restrinxidas a beneficiar ós seus asociados/as, senón abertas a calquera outro posible beneficiario/a que reúna as condicións e características esixidas pola natureza dos seus fins.

Asemade considérase imprescindible para o desenvolvemento das actividades o mantemento e permanencia do Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral Lenda.

Artigo 4. Obrigacións documentais e contables.

A asociación disporá dunha relación actualizada de asociados/as, levará unha contabilidade ó abeiro da normativa vixente que permita obter unha imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade así como das actividades realizadas e manterá actualizado un Inventario dos seus bens.

Recolleranse en acta as deliberacións, conclusións e acordos das reunións celebradas polos órganos de goberno.

Os asociados poderán acceder a toda a documentación relacionada e nos termos previstos na Lei Orgánica 15/ 1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 5. Domicilio e ámbito.

A asociación ten o seu domicilio social na rúa Reveriano Soutullo número 57, 36800 Redondela, e o ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades é o da provincia de Pontevedra.

Artigo 6. Utilización do galego como lingua propia de Galicia.

A asociación Lenda establece o galego como lingua oficial tanto para a linguaxe oral como para a escrita por ser esta a lingua propia de Galicia e por ser a lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.

CAPITULO II SOCIOS

Artigo 7. Capacidade.

Poderán pertencer á Lenda aquelas persoas físicas, con maioría de idade e capacidade de obrar, e as entidades xurídicas legalmente establecidas que teñan interese no desenvolvemento dos fins da asociación.

Artigo 8. Clases de socios/as.

Dentro de Lenda existirán as seguintes clases de socios/as:

- Socios/as fundadores. Serán aqueles que teñan participado no acto de constitución de Lenda.
- Socios/as de número. Serán os que teñan ingresado despois da constitución de Lenda. Esta condición adquirirase a partir da súa ratificación pola Asemblea Xeral.
- Socios/as colaboradores. Serán aqueles que cooperen cunha achega económica inferior á mínima establecida pola Asemblea Xeral Ordinaria.

- Socios/as de honra. Serán aqueles que polo seu prestixio ou por ter contribuído de modo relevante ós fins de Lenda, se fagan acredores de tal distinción. O nomeamento dos socios de honra será por acordo da Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva ou a proposta dun mínimo do 10 % dos asociados/as.

Artigo 9. Dereitos.

Os socios/as fundadores e de número terán os seguintes dereitos:

- a. Tomar parte en cantas actividades organice a asociación en cumprimento dos seus fins.
- b. Acceder a todas as vantaxes e beneficios que a asociación poida ofrecer.
- c. Participar nas Asembleas con voz e voto. As persoas xurídicas estarán representadas por unha persoa designada ó efecto.
- d. Ser electores e elixibles para os cargos directivos.
- e. Ser informados sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación, dos cambios da súa composición, do estado de contas e desenvolvemento da actividade.
- f. Facer propostas ós membros da Xunta Directiva en orde ó mellor cumprimento dos fins da asociación.
- g. Impugnar os acordos ó abeiro da lexislación vixente.
- h. Dimitir de calquera cargo que desempeñen.
- i. Darse de baixa da mesma.

Artigo 10. Obrigas.

Os socios/as fundadores e de número terán as seguintes obrigas:

- a. Cumprir os presentes Estatutos
- b. Acatar os acordos válidos dos Órganos de Goberno.
- c. Aboar as cotas que de acordo cos Estatutos se fixen. As cotas serán libres e cun tope mínimo aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria.
- d. Asistir ás Asembleas xerais ordinarias e extraordinarias.
- e. Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ó cargo que ocupen.

Artigo 11. Causas de baixa.

Calquera tipo de socio/a causará baixa por algunha das causas seguintes:

- a. Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva e ratificación posterior de baixa en Asemblea Xeral Ordinaria.
- b. Por falta de pago das cotas comprometidas ó finalizar o ano. Para aclarar o problema,

Lenda enviará un escrito á persoa afectada informándolle da situación e o importe exacto da débeda. Transcorridos tres meses dende a devandita notificación, sen ser atendido o requirimento, causará baixa automática, do que se dará conta á Asemblea Xeral Ordinaria.

c. Por sanción:

A separación dos asociados de Lenda por motivo da sanción terá lugar cando incorran en actos que os fagan indignos de seguir pertencendo á mesma, a saber:

1. Cando deliberadamente o asociado impida ou poña obstáculos ó cumprimento dos fins da asociación.
2. Cando intencionadamente poña atrancos de calquera xeito ó funcionamento dos órganos de goberno e representación da asociación.

En calquera caso, será precisa a tramitación dun expediente disciplinario que contemple a audiencia do asociado/a afectado. O acordo tomado deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 12. Dereitos e obrigas dos socios/as de honra

Os socios/as de honra terán os mesmos dereitos que os fundadores e de número a excepción dos que figuran nos apartados c) d), g) e h) do artigo 9, se ben, poderán asistir ás asembleas con voz e sen dereito de voto. Así mesmo terán as mesmas obrigas a excepción das previstas nos apartados c), d) i e) do artigo 10.

Artigo 13. Dereitos e obrigas dos socios/as colaboradores

Os socios/as colaboradores terán os mesmos dereitos que os fundadores e de número a excepción dos que figuran nos apartados c), d), g) e h) do artigo 9. Así mesmo terán as mesmas obrigas a excepción das previstas nos apartados c), d) i e) do artigo 10.

CAPITULO III. ÓRGANOS DE GOBERNO

ASEMBLEA XERAL

Artigo 14. A Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e estará integrada por todos os socios/as con dereito a participar na mesma.

As xuntanzas da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias.

As ordinarias serán convocadas pola Xunta Directiva e celebraranse, como mínimo, unha vez ó ano dentro dos seis meses seguintes ó peche do exercicio. As extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do presidente, a proposta da Xunta Directiva ou a solicitude do 10% dos asociados/as.

Artigo 15. Normas de convocatoria de Asembleas.

As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da xuntanza, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar.

Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea, en primeira convocatoria, haberán de mediar polo menos quince días e entre a primeira e a segunda convocatoria deberá existir polo menos trinta minutos de diferenza.

Artigo 16. Constitución e validez dos acordos.

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, ficarán constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela un terzo dos asociados/as (presentes ou representados) con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o seu número.

Para acreditar a representación bastará coa presentación dun escrito firmado pola persoa socia representada, seguindo o modelo que teña establecido Lenda para tal fin. Ademais deberá acompañarse fotocopia do DNI da mesma.

Os acordos tomaranse por maioría simple dos socios/as presentes ou representados que resultará cando os votos favorables superen ós votos en contra, non sendo computábeis a estes efectos os votos nulos, en branco, nin as abstencións.

Será necesario unha maioría cualificada dos socios/as presentes ou representados, que resultará cando o número de votos favorables supere a metade do número de votantes, para:

- Nomeamento das Xuntas directivas, administradores e cargos de dirección.
- Acordos para constituír unha Federación de asociacións ou integrarse nelas.
- Disposición ou transmisión de bens integrantes do inmovilizado.
- Modificación de estatutos.
- Disolución da entidade.
- Apertura ou peche de delegacións ou establecementos da entidade.

Artigo 17. Facultades da Asemblea Xeral Ordinaria.

Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

- Aprobación da xestión da Xunta Directiva e a memoria anual.
- Exame e aprobación das contas anuais.
- Aprobación do Programa Básico de Actividades da asociación.
- Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- Establecemento das liñas xerais de actuación que permitan á asociación cumprir os seus fins.

- Avaliación e aprobación de todo aquilo que afecte á vida da asociación e atender ás demandas feitas polos seus membros no uso dos seus dereitos e no marco destes estatutos.
- Ratificar a admisión ou baixa de socios a proposta da Xunta Directiva.
- Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.

Artigo 18. Facultades da Asemblea Xeral Extraordinaria.

Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- Elección dos membros da Xunta Directiva.
- Modificación dos Estatutos.
- Disolución da asociación.
- Constitución de Federacións ou integración nelas.
- Solicitud de declaración de utilidade pública.
- Destitución dos membros da Xunta Directiva.
- Disposición e transmisión de bens.
- A apertura ou peche de delegacións ou establecementos da asociación.
- Nomeamento de administradores e cargos de dirección.

CAPITULO IV XUNTA DIRECTIVA

Artigo 19. Xunta Directiva.

A asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e un mínimo de cinco vogais e un máximo de nove.

Non poderán formar parte da mesma máis de dous empregados da asociación e aqueles que ostenten cargos de dirección ou administración designados en Asemblea.

A Xunta Directiva poderá invitar a participar nas súas reunións, con voz pero sen voto, a calquera persoa que resulte de interese para os fins da asociación.

Todos os membros da Xunta Directiva desenvolverán o seu cargo de balde. Unicamente serán reintegrados aqueles gastos de representación xerados no exercicio dalgunha actividade encomendada pola Xunta Directiva e sempre que non sexan a cargo de fondos ou subvencións públicas.

Artigo 20. Elección dos membros da Xunta Directiva.

Serán elixidos por sufraxio libre e secreto dos asociados/as reunidos en Asemblea Xeral Extraordinaria. As candidaturas serán abertas, é dicir, calquera socio/a poderá presentarse, sendo requisito imprescindible non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente (Art. 11.4.O 1 /2002). Os compoñentes electos da Xunta Directiva designarán, de entre os seus membros, o presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a e tesoureiro/a.

O seu mandato terá unha duración de catro anos, podendo ser reelixidos ata un máximo de tres.

Artigo 21. Convocatoria.

A convocatoria farase cun mínimo de quince días de antelación á data prevista para a Asemblea Xeral Extraordinaria na que vaia facerse a votación.

A lista de asociados/as quedará exposta nos locais da asociación polo menos quince días antes das votacións.

Artigo 22. Candidaturas.

O prazo para a presentación de candidatos/as quedará aberto no momento en que sexa convocada a Asemblea Xeral Extraordinaria ata sete días antes da celebración da mesma. A lista de candidatos/as estará exposta nos locais da asociación.

Artigo 23. Causa de baixa dos membros da Xunta Directiva.

Causarán baixa por:

- Renuncia voluntaria comunicada por escrito.
- Non cumprimento das obrigas que tivesen encomendadas ou sanción de acordo co artigo 11.
- Enfermidade que incapacite para o exercicio do cargo.
- Causar baixa como membro da asociación.
- Expiración do mandato.
- Pola non asistencia a tres reunións consecutivas da Xunta Directiva agás causa xustificada.

Artigo 24. Esgotamento do mandato.

Os membros da Xunta Directiva que esgoten o prazo para o cal foron escollidos, continuarán ostentando os seus cargos ate a toma de posesión daqueles que os substitúan.

Artigo 25. Reunións da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva reunirse en sesión ordinaria cantas veces o determine o seu presidente, e como mínimo unha vez cada tres meses; e en sesión extraordinaria a iniciativa ou petición de un

terzo dos seus compoñentes. Ficaré constituída, en primeira convocatoria, cando asista a metade máis un dos seus membros e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de membros presentes. Para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría. En caso de empate o presidente terá voto de calidade. A convocatoria farase con oito días de antelación e nela figurará a orde do día, o lugar, data e hora de celebración, en primeira e segunda convocatoria sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a trinta minutos.

Artigo 26. Facultades da Xunta Directiva.

As facultades do órgano de representación estenderanse, con carácter xeral a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- Dirixir as actividades e levar a xestión económica e administrativa da asociación, de acordo coa normativa aplicable e o programa de actividades aprobada na Asemblea.
- Convocar as Asembleas Xerais.
- Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- Presentar e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e as Contas anuais e o Presuposto de ingresos e gastos do exercicio seguinte.
- Resolver altas e baixas dos asociados para someter á aprobación pola Asemblea Xeral Ordinaria.
- Nomear delegados e/ou comisións entre os seus membros ou técnicos para algunha determinada actividade da asociación.
- Tomar os acordos necesarios para a comparecencia diante dos organismos públicos, para o exercicio de toda clase de accións legais e para interpoñer os recursos pertinentes.
- Propor á Asemblea Xeral o establecemento das cotas que deban satisfacer os seus asociados/as.
- Controlar o inventario dos bens da asociación.
- Elaboración da memoria anual de actividades.
- Decidir, dentro do aprobado nos orzamentos, os gastos a realizar así como a contratación de persoal.
- A aceptación de subvencións e doazóns a favor da asociación sempre que non comporten gravame ou carga de calquera clase para a mesma, sen prexuízo das posibles posteriores autorizacións administrativas.
- Iniciar procedemento de sanción de socios/as se houbera lugar.

- Resolver provisionalmente calquera caso imprevisto nos Estatutos presentes e dar conta diso na primeira Asemblea Xeral que se celebre.
- Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios.

En caso de conflito de intereses, os compoñentes da Xunta Directiva afectados deberán ausentarse da reunión mentres sexa debatido o tema en cuestión, por propia iniciativa ou a petición da metade dos membros presentes da mesma.

Artigo 27. Facultades do presidente/a.

O presidente/a terá as seguintes atribucións:

- Representar legalmente á asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados.
- Convocar, presidir e, se fora necesario, suspender as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións de ámbalas dúas.
- Fixar a orde do día das reunións en Xunta Directiva e Asembleas.
- Autorizar pagamentos, abrir e cancelar contas bancarias, así como, asinar talóns bancarios.
- Autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.
- Facer uso do voto de calidade, no caso de empate, nas reunións da Xunta Directiva e Asembleas.
- Conferir poder a avogados e procuradores para que actúen ante xulgados e tribunais en defensa dos intereses de Lenda
- Adoptar calquera medida urxente que resulte necesaria para o normal desenvolvemento das actividades de Lenda ca obriga de dar conta posteriormente á Xunta Directiva e no seu caso á Asemblea.
- Aqueloutras que lle sexan delegadas pola Asemblea Xeral.

Artigo 28. O vicepresidente/a.

O vicepresidente/a auxiliará ó presidente/a no exercicio das súas funcións e suplirao temporalmente nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal. Deberá renderse conta desta circunstancia na seguinte reunión da Xunta Directiva.

Artigo 29. O secretario/a.

Son funcións do secretario/a:

- A dirección dos traballos propiamente administrativos da asociación.
- A expedición de certificados co visto e praxe do presidente.

- Redacción e firma as Actas da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral co visto e prace do presidente.
- Levará os libros da asociación legalmente establecidos e o arquivo de asociados.
- Custodia da documentación da entidade.
- Dar curso ás comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribíbles ós Rexistros correspondentes, así como o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.
- Abrir e cancelar contas bancarias, así como, asinar talóns bancarios.
- Elaboración do inventario dos bens da asociación.
- Redacción da memoria anual para sometela á aprobación da Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 30. O tesoureiro/a.

Son funcións do tesoureiro/a:

- Abrir e cancelar contas bancarias, así como, asinar talóns bancarios.
- Recadación e custodia dos fondos pertencentes á asociación.
- Informar ó presidente, á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral da situación financeira de Lenda.
- Xestión dos pagamentos autorizados polo presidente. Sempre que os pagos igualem ou superen o importe de 600 € será precisa a sinatura de dúas persoas autorizadas, a saber: o presidente/a, o vicepresidente/a, o secretario/a, o tesoureiro/a ou calquera outra persoa apoderada pola Xunta Directiva. En caso contrario bastará cunha soa firma.
- Elaboración e presentación das contas de cada exercicio e orzamentos do seguinte á Xunta Directiva para ser sometidos á aprobación da Asemblea Xeral.

Artigo 31. Os Vogais.

Os vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membro da Xunta Directiva, así como aquelas que xurdan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

Artigo 32. Vacantes.

As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os restantes membros. No caso de vacante do presidente será substituído polo vicepresidente agás renuncia do mesmo a ocupar ese cargo, procedéndose, daquela, á asignación dun novo presidente de entre os restantes membros da xunta.

Non obstante, se o número de baixas ou ceses superase un terzo dos membros totais da Xunta

Directiva, procederáse a convocar unha Asemblea Xeral Extraordinaria para elección das vacantes. O seu mandato rematará co do resto de membros da Xunta Directiva.

CAPITULO V DO RÉXIME ECONÓMICO.

Artigo 33. Patrimonio e recursos económicos.

Para o desenvolvemento das actividades e consecución dos fins da asociación contarase con:

- As cotas de socios/as, periódicas ou extraordinarias.
- As subvencións que se puidesen recibir de calquera institución, pública ou privada.
- Os legados ou herdanzas que se puidesen recibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas, previa aprobación pola Asemblea.
- Os ingresos que se obteñan por medio do rendemento das actividades, publicacións, e calquera outras funcións que a asociación decida levar adiante.
- Calquera outro recurso lícito.

Cómpre salientar que o patrimonio ou fondo social da asociación é de cero euros.

Artigo 34. Período asociativo e económico.

O exercicio asociativo e económico será anual e o seu fecho terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

CAPITULO VI DISOLUCIÓN.

Artigo 35. Disolución.

Lenda disolverase en Asemblea Xeral Extraordinaria coa maioría cualificada dos votos dos membros presentes e representados na mesma. Os bens da asociación, nese intre, destinaranse a liquidar o pasivo. O patrimonio resultante en caso de disolución, se o houberse, se destinará na súa totalidade a algunha das entidades consideradas como beneficiarias do mecenado ós efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

Artigo 36. Liquidación.

En caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobranse líquido, o destinará para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa, preferentemente a unha asociación ou Federación Galega de enfermos mentais.

Corresponde ós liquidadores:

- Velar pola integridade do patrimonio da asociación.

- Concluir as operacións pendentes e levar a cabo as que poidan xurdir para unha correcta liquidación.
- Cobrar os créditos da asociación.
- Liquidar o patrimonio e pagar ós acredores.
- Aplicar os bens sobrantes da asociación ós fins previstos no Estatutos.
- Solicitar a cancelación dos asentos no Rexistro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e as disposicións complementarias.

Dilixencia: os presentes estatutos quedan redactados segundo as modificacións acordadas na asemblea xeral extraordinaria, celebrada o día 18 de Xaneiro 2017.

A secretaria: